

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 3 DE XUÑO DE 2010.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e dez minutos do día tres de xuño do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados e D^a Gloria Fornos Bastida.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27.05.2010

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 27.05.2010

2.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 335/2010: SOBRE MODIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN ESIXIDA PARA AS OBRAS DE "CAMPO DE FÚTBOL DE CESPEDE ARTIFICIAL NO RECINTO DEPORTIVO DE MUGARDOS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a Resolución da Alcaldía nº 335/2010, de 26.05.2010, que copiada literalmente di:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 335/2010.- Visto o escrito remitido polo redactor do proxecto da obra de "Campo de fútbol de céspede artificial no recinto deportivo municipal de Mugardos", D. Julio Calderón Carrero, en data 24.05.2010, no que pon de manifesto a conveniencia de modificar o Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares así como o anuncio publicado no BOP nº 90, de data 14.05.2010, no apartado 5 do cadro de características do contrato, onde di "CLASIFICACIÓN. GRUPO C, SUBGRUPO 2 E 4 GRUPO G, SUBGRUPO 4. CATEGORÍA DO CONTRATO D", debería de dicir "CLASIFICACIÓN. GRUPO G, SUBGRUPO 6. CATEGORÍA DO CONTRATO D".

*Pola presente **RESOLVO:***

1.- Modificar a clasificación esixida, e trocar no Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares o apartado 5 do cadro de características do contrato, onde di "CLASIFICACIÓN. GRUPO C, SUBGRUPO 2 E 4 GRUPO G, SUBGRUPO 4. CATEGORÍA DO CONTRATO D", cambialo por "CLASIFICACIÓN. GRUPO G, SUBGRUPO 6. CATEGORÍA DO CONTRATO D".

2.- Publicar un novo anuncio de licitación no BOP, e abrir un novo prazo de presentación de ofertas.

3.- *Ratificar a presente resolución na vindeira Xunta de Goberno Local.*"

3.- DEVOLUCION DE FIANZAS

A) Visto o escrito presentado pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L. (R.E.2.119/04.05.2010), interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “RESTAURACIÓN MERCADO MUNICIPAL”, e tendo en conta o informe técnico emitido pola técnica directora da obra, Dna. Mercedes Hermida Feal, obrante no expediente, no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de AFIGAL - núm. 30.915 - por importe de CINCO MIL CINCOCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (5.504,74 €).

B) Visto o escrito presentado pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L. (R.E.2.119/04.05.2010), interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO MERCADO (PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO II)”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo técnico director da obra, D. Marcelino López Méndez, obrante no expediente, no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de AFIGAL - núm. 33.409 - por importe de SEIS MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (6.453,14).

4.- CERTIFICACIÓN DE OBRA. CORRECCIÓN DE ERRO.

Advertido erro material no acordo que deseguido se relaciona, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 20.05.2010, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda proceder á súa rectificación tal como figura a continuación:

A) PUNTO 5 DA ORDE DO DIA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 20.05.2010:
--

Obxecto: Corrección de erro material no importe da certificación.

2.- CERTIFICACIÓN Nº 2. ULTIMA DA OBRA DE "SEPARATA Nº.3 (1ª PARTE) DO PROXECTO: ABASTECIMENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN", INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ANUALIDADE 2008.

No punto 1º do acordo, onde dí: "TRINTA E SEIS MIL NOVECIENTOS OITOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (36.854,32 €)...", *debe dicir: "TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (36.852,34)... "*

Quedando en consecuencia redactado o devantido punto 1º do acordo tal como figura deseguido:

" CERTIFICACIÓN Nº 2. ULTIMA DA OBRA DE "SEPARATA Nº.3 (1ª PARTE) DO PROXECTO: ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN", INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CNOCELLOS ANUALIDADE 2008.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 2- última da obra de " SEPARATA Nº.3 (1ª PARTE) DO PROXECTO: ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN", incluídas no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) anualidade 2008, por importe de TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (36.852,34 €), con cargo á partida 2010.1.161.62703 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

5.- APROBACIÓN DO GASTO

Tendo en conta a relación de gastos elevada pola concelleira de Facenda e Patrimonio, previa fiscalización da Intervención municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2010, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Proveedor e Concepto	Importe
91	42/2010	2010.0.162.0.22711	L.SECOPE S.A. SERVIZO RECOLLIDA ENSERES PORTA A PORTA, DECEMBRO	3.240,23 €
92	4/2010	2010.0.150.0.22706	CALDERON&ASOCIADOS INGENIERIA Y MEDIOAMBIENTE, S.L.P. REDACCION MODIFICADO 1 PROXECTO BASICO, E DE EXECUCION CAMPO FUTBOL DE CESPEDE ARTIFICIAL NO RECINDO DEPORTIVO MUNICIPAL DE A PEDREIRA.	10.440,00 €
350	1	2010.0.171.0.21000	FRANCISCO MONTERO VILA CORTE DE HERBA PARQUES EXARDINS, MESE DE SETEMBRO-OUTUBRO E NOVEMBRO 2009	4.547,20 €
351	MG02/201 0	2010.0.321.0.22714	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO SERVIZO PUBLICO GARDERIA INFANTIL DE AS LAGOAS, FEBREIRO	5.995,47 €

352	419	2010.0.162.0.22710	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MES FEBREIRO	7.705,18 €
357	0	2010.0.440.0.45000	CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE TRANSPORTE METROPOLITANO, ACHEGA 2010	6.328,89 €
358	06/10	2010.0.150.0.62707	FCO. JAVIER VIZCAINO MONTI REDACCION PROXECTO BASICO PARA MELLORA E REPOSICION DE ABASTº AUGA, SANEAMENTO E PLUVIAIS, ALUMEADO PUBLICO, SOTERRAMENTO DE SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA, REDE DE TELECOMUNICACIONS, REPOSICION DE PAVIMENTOS DAS RUAS BARRAL, MARIA, TRAMO CANO DA RUA, AVDA DE GALICIA.	8.776,49 €
510	MG03/201 0	2010.0.321.0.22714	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO PUBLICO DE ATENCION A INFANCIA ESCOLA INFANTIL DE AS LAGOAS, MARZO	5.995,47 €
650	246	2010.0.934.0.22706	GAINTO,S.L. TRAMITACION DE 81 ALTAS IBI	4.418,00 €
654	MG 04/2010	2010.0.321.0.22714	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO ATENCION A INFANCIA, ESCOLA INFANTIL DE AS LAGOAS, MES ABRIL	5.995,47 €
660	44616/570 3	2010.1.330.0.62501	DOUBLET MOBILIARIO PARA A CASA DA CULTURA	6.344,04 €
661	320523632 0	2010.0.162.0.22400	AON GIL Y CARVAJAL, S.A. POLIZA 117422000182, VEHICULO C-4161- 25.05.10/27.05.2011	5.027,63 €

6.- PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE "SEPARATA Nº3 (2ª PARTE). ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA O SEIXO E SAN XOÁN", INCLUIDAS NO POS 2009.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes da secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación ao modificado do proxecto de "SEPARATA Nº 3 (2ª PARTE). ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN" incluída no P.O.S. 2009, da Excm. Deputación Provincial, cun importe de SESENTA E TRES MIL TRESCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (63.331,52 € IVE incluído) redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Marcelino López Méndez, de data abril 2010, sinalando que o presente modificado non supón incremento sobre o prezo de adxudicación (63.331,52 € IVE incluído), feito por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.09.2009.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Excm. Deputación Provincial por esta-la obra incluída no P.O.S. 2009.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e dezaioito minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE